



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O  
DÍA QUINCE DE XUÑO 2017, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

**SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Tenentes de Alcalde: D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS  
D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN  
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día quince de xuño de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta. Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (11/05/2017).**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día once de maio do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.**

2.1. Instancia núm. 201700000000290 de Unión Fenosa Distribución, S.A. (Expediente núm. 2017/U022/000006)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Avda. Arteixo 171 - A Coruña, representada por don José A. Fernández Amaro, solicita licenza para obras de paso aéreo subterráneo para subministración á vivenda en Castro –Ponte Ulla (expediente núm.: 2017/U022/000006), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Miguel A. Bernal López, en calidade de Enxeñeiro Industrial.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme ao proxecto técnico achegado.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)



2.2.- Instancia núm. 201700000000330 de Unión Fenosa Distribución, S.A. (Expediente núm. 2017/U022/000008)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Avda. Arteixo, 171 - A Coruña, representada por don José A. Fernández Amaro, solicita licenza para obras de reforzo e ampliación da rede aérea de baixa tensión, paso aéreo-subterráneo e acometida, para subministración de uso agrícola en Avda. M. M. Gómez Lorenzo (Vedra) (Expediente núm.: 2017/U022/000008), en solo cualificado no PXOM como Urbano de baixa densidade en tipoloxía mixta (U-1).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

- 1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.
- 2º.-. As obras executaranse nos termos do contido do proxecto técnico achegado.
- 3º.- Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 75 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación; adecuándose á información gráfica que foi presentada.
- 4º.- Deberá repoñerse o pavimento da vía municipal, deixándoo nas mesmas condicións nas que estaba.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.3.- Comunicación previa de obra de dona Rosa María Vilasante Fuentes. (Expediente núm. 2017/U026/000018 )

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona Rosa María Vilasante Fuentes para construción de cerramento pola fronte á vía, de aproximadamente 20 m. de lonxitude, con base de pedra sen superar os 1,50 m. de altura, e máis para a rehabilitación do cerramento interior existente, en aproximadamente 30 m. de lonxitude, recolocando pedras e recuándoo 6 m. do eixe da vía.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 002100700NH43F0001QI, emprazada en San Gregorio, 3 – San Mamede de Ribadulla, cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo garantir o natural discorrer das augas e respectar as servidumes existentes; cumprir a distancia de recuamento prevista no vixente PXOM, neste caso de 6 m. do eixe da vía, así coma as alturas declaradas de 1,50 m.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de oitenta e seis euros con oitenta e oito céntimos (#86,88#).

2.4.- Comunicación previa de obra de dona María Isabel Louzao Nebra. (Expediente núm. 2017/U026/000020)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona María Isabel Louzao Nebra para a rehabilitación de vivenda, consistente en revestimento de paredes nos termos do orzamento achegado.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001202400NH43F0001QI, emprazada en Galegos, 6 – Santa Cruz de Ribadulla, cun prazo de execución de 1 ano .

A Xunta de Goberno :

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo as obras axustarse ao comunicado. Se para a execución da obra é precisa a colocación de andamios deberá achegar nomeamento de Coordinador de Seguridade e Saúde.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.5.-Comunicación previa de obra de don José Antonio Freire Barco. (Expediente núm. 2017/U026/000021 )

Dáse conta do expediente de comunicación previa de obra promovido por don José Antonio Freire Barco para rehabilitación de vivenda consistente en repoñer a tella deteriorada polos temporais invernaes nunha superficie aproximada de 100 m<sup>2</sup> e planta.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 002100300NH43E, emprazada en Vilarpiñeiro (Trobe), cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Se para a execución da obra é precisa a colocación de andamios deberá achegar nomeamento de Coordinador de Seguridade e Saúde.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setenta e catro euros con noventa e seis céntimos (#74,96#).

2.6.- Comunicación previa de obra de don José Manuel Fernández Martínez. (Expediente núm. 2017/U026/000023)



Dáse conta do expediente de comunicación previa de obra promovido por don José Manuel Fernández Martínez para rehabilitación de vivenda e edificacións consistentes en revestir e pintar varias fachadas nunha superficie aproximada de 133 m<sup>2</sup>.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 002203300NH44A0001ZE, emprazada en Sales, 12 – San Fins de Sales, cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse ao comunicado.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.7.- Comunicación previa de obra de dona Manuela Blanco Jiménez. (Expediente núm. 2017/U026/000009 )

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona Manuela Blanco Jiménez para instalación de cuberta móbil na piscina.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001704700NH44A0001KE, emprazada en Matelo, 11 – San Xián de Sales, cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno :

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse ao comunicado.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de trescentos euros (#300,00#).

**3º.- Acordo, se procede, sobre renovación autorización para establecementos dedicados a furancho.**

3.1.- Instancia núm. 703/2017 de Manuel López Carreira.

Dáse conta da declaración responsable, presentada por don Manuel López Carreira, para renovar a autorización concedida para por en funcionamento un establecemento adicado a furancho no lugar de Ximonde, 1 (San Miguel de Sarandón).

Vista a documentación que se achega á solicitude e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno resolve favorablemente sobre a conformidade do declarado e nos termos da documentación presentada, manténdose as condicións do acordo inicial.

O novo período de apertura será do 1 de abril ata o 30 de xuño de 2017. Así mesmo darase traslado deste acordo aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.



#### **4º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais.**

4.1.- Escrito núm. 451/17 de Ingeniería de Tecnologías Energéticas de Oroso, SLU

Dáse conta do citado escrito no que dona M<sup>a</sup>. Begoña Fernández Soutelo, en representación da empresa Ingeniería de Tecnologías Energéticas de Oroso, S.L, expón que rematou o prazo de garantía da obra Melloras da pista polideportiva de Santa Cruz de Ribadulla, polo que solicita a devolución da aval constituído para responder da execución do contrato

Dáse conta así mesmo que durante o período de exposición pública (BOP núm. 76/17, do 24 de abril) non se presentou ningunha reclamación.

A Xunta de Goberno acorda que se proceda á devolución do citado aval.

#### **5º.- Certificacións de obras.**

5.1.- Certificación núm. única da obra de *Acondicionamento de espazo público na estación de ferrocarril de Santa Cruz de Ribadulla (PAS 2015)*

Dáse conta da certificación núm. única da obra de *Acondicionamento de espazo público na estación de ferrocarril de Santa Cruz de Ribadulla (PAS 2015) (Código 2015.3110.0190.0)*, e máis da factura núm. 027 da empresa adxudicataria Coviastec, S.L, por importe de trinta e nove mil seiscientos oitenta euros con trinta e dous céntimos (#39.680,32#), sendo o director da obra o arquitecto don Fermín González Blanco.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura

5.2.- Certificación núm. 2 e final da obra de *Acondicionamento de local social en San Mamede de Ribadulla, incluída no convenio coa Deputación (nº 45/2017)*

Dáse conta da certificación núm. única da obra de *Acondicionamento de local social en San Mamede de Ribadulla (Convenio coa Deputación nº 45/2017)*, e máis da factura núm. 89/2017 da empresa adxudicataria Coviastec, S.L, por importe de trinta mil trescentos cincuenta e cinco euros con noventa céntimos (#30.359,90#), sendo o director da obra o arquitecto don Fermín González Blanco.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura.

#### **6º.- Aprobación, se procede, dos Padróns Fiscais de taxas do exercicio 2017.**

**6.1.-** Padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública* (Ordenanza fiscal núm. 12, BOP núm. 5 do 08/01/2004 e BOP núm. 245 do 26/12/2012).

Dáse conta dos listados definitivos das liquidacións correspondentes ao padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do exercicio 2017*, formados una vez rematada a súa exposición pública polo prazo dun mes (dende a inserción do correspondente edicto no BOP núm. 60, do 29/03/2017) e logo de transcorrido o prazo contemplado no artigo 14.2.c do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para a interposición do recurso de reposición contra as liquidacións contidas no padrón.



Dáse conta, así mesmo, das actuacións de xestión tributaria realizadas, durante os mencionados períodos (Resolucións da Alcaldía núm. 97/2017, 117/2017, 118/2017 e 151/2017, ditadas nos meses de marzo, abril e maio).

Visto o informe emitido pola Secretaría-Intervención de que no expediente se cumpren, respecto da devindicación e esixibilidade da taxa e respecto da xestión das altas/baixas no padrón fiscal, os requisitos establecidos tanto na normativa xeral de aplicación como na Ordenanza fiscal municipal reguladora do tributo; e que, polo tanto, se realizaron os trámites de notificación das liquidacións correspondentes ás altas, de exposición pública do padrón provisional e notificación colectiva mediante edicto publicado no BOP e no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, así como o de resolución pola Alcaldía das reclamacións presentadas durante os prazos legalmente establecidos.

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do exercicio 2017* -que comeza por Abanca Corporación Bancaria, S.A. e remata por Zas Villaverde, José Carlos- coas seguintes *cifras definitivas*:

Número total de liquidacións: 2.058 (dúas mil cincuenta e oito).

Número total de recibos a emitir: 2.058 (dous mil cincuenta e oito).

Importe total do Padrón: 158.263,91 € (cento cincuenta e oito mil douscentos sesenta e tres euros e noventa e un céntimos).

2º.- Remitir o citado padrón á Excm. Deputación Provincial da Coruña para a súa recadación, segundo a delegación feita por acordo plenario de data 3 de marzo de 2000.

**6.2.-** Padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros* (Ordenanza fiscal núm. 13, BOP núm. 160 do 14/07/2004).

Dáse conta dos listados definitivos das liquidacións correspondentes ao padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2017*, formados una vez rematada a súa exposición pública polo prazo dun mes (dende a inserción do correspondente edicto no BOP núm. 60, do 29/03/2017) e logo de transcorrido o prazo contemplado no artigo 14.2.c do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para a interposición do recurso de reposición contra as liquidacións contidas no padrón.

Dáse conta, así mesmo, das actuacións de xestión tributaria realizadas durante os mencionados períodos (Resolución da Alcaldía núm. 118/2017, de data 19 de abril).

Visto o informe emitido pola Secretaría-Intervención de que no expediente se cumpren, respecto da devindicación e esixibilidade da taxa e respecto da xestión das altas/baixas no padrón fiscal, os requisitos establecidos tanto na normativa xeral de aplicación como na Ordenanza fiscal municipal reguladora do tributo; e que, polo tanto, se realizaron os trámites de notificación das liquidacións correspondentes ás altas, de exposición pública do padrón provisional e notificación colectiva mediante edicto publicado no BOP e no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, así como o de resolución pola Alcaldía das reclamacións presentadas durante os prazos legalmente establecidos.


A Xunta de Goberno acorda:





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



1º.- Aprobar o padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2017* -que comeza por Abanca Corporación Bancaria, S.A. e remata por Zas Sinde, Jesús- coas seguintes *cifras definitivas*:

Número total de liquidacións: 500 (cincocentas).

Número total de recibos a emitir: 500 (cincocentos).

Importe total do padrón: 17.367,00 € (dezasete miltrescentos sesenta e sete euros).

2º.- Remitir o citado padrón á Excm. Deputación Provincial da Coruña para a súa recadación, segundo a delegación feita por acordo plenario de data 25 de febreiro de 2005.

### 7º.- Facturas varias.


Dáse conta das seguintes facturas:

<i>Número Factura</i>	<i>Data Factura</i>	<i>Importe (€)</i>	<i>Nome Proveedor/Acredor</i>	<i>Descrición</i>
02772017AN00000004	11/05/2017	400,54	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Canon da auga correspondente ao consumo no albergue de peregrinos de Vilanova durante o exercicio 2016
02772017AN00000009	11/05/2017	518,14	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Canon da auga correspondente ao consumo na casa das artes de Nande durante o exercicio 2016
02772017AN00000007	11/05/2017	522,76	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Canon da auga correspondente ao consumo no CPI de Vedra durante o exercicio 2016
02772017AN00000005	11/05/2017	328,72	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Canon da auga correspondente ao consumo no CEIP de Santa Cruz durante o exercicio 2016
02772017AN00000010	11/05/2017	50,34	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Canon da auga correspondente ao consumo na nave de Trobe durante o exercicio 2016
02772017AN00000006	11/05/2017	83,64	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Canon da auga correspondente ao consumo no centro de saúde de Vedra durante o exercicio 2016
02772017AN00000003	11/05/2017	144,34	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Canon da auga correspondente ao consumo nos locais da estación do tren de Santa Cruz durante o exercicio 2016
02772017AN00000002	11/05/2017	30,37	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Canon da auga correspondente ao consumo no local social de Ponte Ulla (antiga escola) durante o exercicio 2016



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



02772017AN00000008	11/05/2017	34,14	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Canon da auga correspondente ao consumo na casa consistorial durante o exercicio 2016
02772017AN00000001	11/05/2017	5,45	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Canon da auga correspondente ao consumo na casa reitoral de Ponte Ulla durante o exercicio 2016
4434069619	14/02/2017	139,22	Coca Cola Iberian Partners, S.A.	Botellas de auga subministradas en febreiro para actividades deportivas municipais e a casa consistorial (salón plenos)
61	08/05/2017	398,09	J. Gomez Souto y Otro, S.C. - Aluminios Vedra	Fabricación de persiana para a ventá da oficina de emprego da casa consistorial e instalación da mesma o 05/05/2017
201700212	29/04/2017	966,11	Droguería-Ferretería El Sol, SL	Materiais, produtos e utensilios (trade e aspirador) servidos en abril/2017 para serv. augas, limpeza, obras e outros
05/17	12/05/2017	1.016,00	Filgueiras Rei Ana Isabel	Elaboración dos programas: Ruínas Presentidas Estudio, O Legado Sagrado da Ulla e O Castro de Vedra (Socastro-Galegos)
420200271	30/04/2017	302,50	Radio Popular, SA - Cope	Convenio de publicidade subscrito co concello para o ano 2017 (mes abril)
14/2017	15/05/2017	3.509,00	Fermín González Blanco, S.L.U.	Honorarios pola dirección da obra Aparcamento disuasorio en Ponte Ulla
562620178000324	10/05/2017	4.726,14	Probisa Productos Bituminosos S.L.U.	Mestura bituminosa en frío subministrada os días 02 e 10/05/2017 para arranxo das pistas municipais
Emit- 234	15/05/2017	2.951,12	CYE Control y Estudios, S.L.	Control de calidade externo da obra Aparcamento disuasorio en Ponte Ulla (adxudicado por RA do 23/01/2017)
17/000093	30/04/2017	256,52	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para construción de firme na parcela da nave de Trobe para depósito do aglomerado asfáltico (arranxo de pistas)
17/000091	30/04/2017	187,61	M.C. Mapoca, S.L.	Cemento, area gorda e outros materiais subministrados en abril/2017 para mantemento





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



				da vía pública en S. Fins e Ponte Ulla
17/000092	30/04/2017	91,84	M.C. Mapoca, S.L.	Cemento, tubos fluorescentes e cebadores subministrados en abril/2017 para o polideportivo e a casa do Concello
72	30/04/2017	145,20	Gamallo Carreira José Manuel	Servizo de camión grúa prestado en abril/2017 para retirar, levar ao taller e volver ao seu sitio un farol de Ponte Ulla
A10009259055-0517	01/05/2017	438,15	Orange Espagne, S.A.U.	Servizos telefónicos prestados no período 01/04/2017-30/04/2017
P 702570	15/05/2017	302,50	Editorial Compostela, SA	Publicación no diario El Correo Gallego do día 06/05/2017 de anuncio sobre a XXX Festa da Orella de San Fins de Sales
841410499	05/05/2017	355,22	Ricoh España, SLU	Cota mínima mes maio/2017 das impresoras-fotocopiadoras de servizos sociais, biblioteca e oficinas xerais
TA5LJ0018060	19/05/2017	18,19	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de fax nas oficinas xerais (cotas de maio/2017 e tráfico de abril/2017)
TA5LJ0018057	19/05/2017	25,34	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de fax no departamento de servizos sociais (cotas de maio/2017 e tráfico de abril/2017)
TA5LJ0018064	19/05/2017	53,40	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de internet nos locais da estación do tren de Santa Cruz (cotas de maio/2017)
C19/2017	18/05/2017	986,45	Couto Rendo	Persoal para o servizo municipal de conserxería do CEIP ORTIGUEIRA. Mes de abril
17000135	05/05/2017	178,84	Ayude Impresiones, S.L.	Folletos e carteis Goza do Ulla 2017
705/1	15/05/2017	363,00	Alquimao S.L.	Aluguer dous vateres químicos Festa da Orella 2017
FP11705976	15/05/2017	503,97	Paz Dismac, S.L.	Papel A-4 e A-3 para oficinas municipais
32121649	11/05/2017	701,00	Automóviles Louzao, S.L.U.	Reparación vehículo 9047HPG recollida lixo



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



601KF1729855	01/05/2017	137,94	Orange Espagne, S.A.U.	Servizo de internet + sede asimétrica na casa consistorial no período 01/04/2017-30/04/2017
08/C16-17	23/05/2017	240,00	Sánchez Lojo Delio	Achega municipal a clases de pintura. Mes de maio/2017
VFR1701166	15/05/2017	113,57	Hierros Diego, S.L.	Materiais para arranxos no campo da festa de Trobe
838	30/04/2017	357,50	Viajes Peillet S.L.	Viaxe a Termas de Outariz o 19/04/2017 con achegas dos participantes
1677/2017	20/03/2017	100,19	Ortigueira S.A.	Visita teatralizada do 19/03/2017
29	05/05/2017	25,00	Panadería Raviña-Susana Raviña Carbia	Servizo de catering para o día das "Letras Galegas"
1138	24/05/2017	432,00	Valencia & Malingre, S. L.	Menús viaxe a Termas de Outariz con achega dos participantes
2017-57	24/05/2017	161,70	Ibernisha, S.L.	Circuíto Termas Outariz do día 24/05/2017 con achegas dos participantes
10	22/05/2017	96,80	Ferradans Rendo Inés	Servizo de guía do grupo de maiores 22/05/2017
5	28/05/2017	363,00	González Nande José Manuel	Actuación grupo Channel na Romaría Terceira Idade 2017
V00045	30/04/2017	75,92	Frutas Compostela, S.L.	Froita servida con motivo da Feira da Ciencia
FC9788-7	30/05/2017	365,86	García Sarandón, S.L.U.	Alimentos e produtos de primeira necesidade para axudas de emerxencia
566	27/05/2017	42,35	Vda. de Parada y J. Alvela, S.L.	Terrina de flores diversas
17/5	31/05/2017	1.712,10	Freiría Suárez José María	Servizos de limpeza do centro de saúde e das escolas unitarias prestados durante o mes de maio/2017
9170302419	29/05/2017	16,94	Fabrica Nacional de Moneda y Timbre	Certificado dixital para relacións coas Administracións Públicas, entidades e Organismos Públicos.
GAL00277117F00007	31/05/2017	5.619,10	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Xestión dos servizos municipais de saneamento e depuración (mes maio/2017)
V 05-2017 511	31/05/2017	4.583,33	Ana Naya García, S.L.	Servizo de xestión da escola infantil municipal (mes maio/2017)
V 05-01-2017 512	31/05/2017	4.401,96	Ana Naya García, S.L.	Cota do concello polo servizo de xestión da escola



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com




				infantil municipal (mes maio/2017)
RS17 367	31/05/2017	84,70	Ricarsat, SL	Instalación de emisora Tetra no vehículo de Protección Civil matrícula 3663HGN
2	31/05/2017	1.118,04	Ferro Pena Manuel	Traballos de arranxo de pistas realizados a pedimento municipal no período 11/05/2017-31/05/2017
6/2017	01/06/2017	500,00	Escola de Música de Vedra	Achega municipal ás clases de música da Escola de Música de Vedra. Mes maio
3053025	31/05/2017	258,94	MHP Servicios de Control, S.L.	Servizo Integral de Control Horario
2017/H/95	27/05/2017	65,00	Pazo de Canónigo de Galegos, S.L.	Campaña de turismo celebrada en "El Corte Inglés"
28-F7U1-029770	01/06/2017	686,83	Telefónica Móviles España, S.A.	Telefonía móbil concello. Período 18/04/2017 - 17/05/2017
201724327	01/06/2017	201,25	Mapfre España, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.	Complemento do seguro de responsabilidade civil xeral no período 27/01/2016-27/01/2017 (póliza núm.0960270014371)
28-F780-371450	01/06/2017	56,87	Telefónica Móviles España, S.A.	Contrato internet móbil multidispositivo 45. Período 18/04/2017 a 17/05/2017
28-F780-371451	01/06/2017	26,62	Telefónica Móviles España, S.A.	Tarifa 20MFE Básico. Nave de Trobe para control horario. Período 18/04/2017 a 17/05/2017
28-F780-371964	01/06/2017	103,35	Telefónica Móviles España, S.A.	Plan empresas móbil. Período 18/04/2017 a 17/05/2017
36002788	31/05/2017	187,30	Fornecementos Galegos, SL (Foga)	Fotocopias e impresións realizadas na máquina da planta baixa no período 01/05/2017-31/05/2017
QN12XL-JZTBVK	24/05/2017	240,68	Ryanair Limited Oficina de Representación en España	Billetes avión Santiago-Milán de Iván García García e Hugo Lage Seoane
V37733952	29/05/2017	87,32	Atrapalo S.L.	Billete de avión ida e volta Santiago-Valencia o día 06/06/2017 e 07/06/2017
Recibo 20170601	01/06/2017	61,50	DTS, SA (Digital +)	Subscrición a Movistar + na Casa da Terceira Idade no mes de xuño



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



FE17137010753428	01/06/2017	42,80	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro eléctrico ao bombeo de Neira de Abaixo período 29-04-2017-30/05/2017
FE17321234018641	24/05/2017	199,86	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Sol no período 29/03/2017 - 30/04/2017 (CUPS ES0022000004975461QL1)
4002035483	31/05/2017	321,48	S. E. Correos y Telégrafos S.A.	Servizos de franqueo pagado e publicidade directa prestados no período 01/05/2017-31/05/2017
FE17321233012586	10/05/2017	296,33	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Sol no período 29/03/2017 - 28/04/2017 (CUPS ES0022000007480452RB1)
FE17321232675600	05/05/2017	405,82	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao campo de fútbol de Santa Cruz no período 29/03/2017 - 28/04/2017
FE17321232575080	04/05/2017	412,55	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Dozar no período 29/03/2017 - 28/04/2017
FE17321232575081	04/05/2017	440,75	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico á depuradora de Calzande no período 25/03/2017 - 26/04/2017
FE17321233012585	10/05/2017	157,86	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Fufín no período 18/03/2017 - 26/04/2017
L 15	01/06/2017	1.450,00	Álvarez Fernández María Eva	Servizos de limpeza no CPI de Vedra prestados no período 01/05/2017-31/05/2017
FE17321232675601	05/05/2017	1.165,00	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao CPI de Vedra no período 29/03/2017 - 28/04/2017
C21/2017	01/06/2017	1.381,03	Couto Rendo Rocío	Persoal servizo de conserxería do CEIP ORTIGUEIRA. mes de maio.
0313/E17	29/05/2017	323,68	Talleres San Fins S.L.	Reparación rozadora lateral de arrastre en maio
0320/E17	29/05/2017	1.499,17	Talleres San Fins S.L.	Reparación rozadora avanzada e rozadora lateral de arrastre en maio
0321/E17	29/05/2017	522,35	Talleres San Fins S.L.	Reparación maquinaria brigada verde en maio
0322/E17	29/05/2017	149,44	Talleres San Fins S.L.	Reparación tractor Lamborghini E9223BBB en



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



				maio
0323/E17	29/05/2017	49,61	Talleres San Fins S.L.	Reparación tractor matrícula C89650VE en maio
0324/E17	29/05/2017	65,76	Talleres San Fins S.L.	Reparación vehículo matrícula 2445BLH da Brigada Verde
254/17	31/05/2017	96,58	Talleres y Repuestos Barco S.L.	Cadea motoserra, eléctrodos, coroa e tulipa piloto para Protección Civil
1/2017	12/05/2017	600,00	Asociación O Souto (San Fins)	Limpeza carballeira O Souto de San Fins
17-733	31/05/2017	216,32	Puente Ulla S.L.	Gasóleo B bonificado para os tractores municipais en maio
17-743	31/05/2017	50,00	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A para Ruta BTT
17-742	31/05/2017	6,50	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para formigoneira subministrado o 19/05/2017
17-741	31/05/2017	74,03	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para brigada verde subministrada 05/05/2017 e 15/05/2017
17-740	31/05/2017	1.398,08	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A subministrado ao camión de recollida de lixo no mes de maio
215	31/05/2017	931,70	Mobraferr, s.l.u.	Aluguer pisón para a brigada de obras do 02/05/2017 ao 31/05/2017
5/2017	30/05/2017	1.750,00	Escola de Musica de Santa Cruz	Achega municipal ás clases de música en Santa Cruz de Ribadulla correspondente ao mes de maio
1 5880/2017	31/05/2017	2.331,56	Servital Servicios Sociosanitarios, S.L.	Servizo de axuda no fogar prestado no mes de maio/2017 (horas de libre concorrencia)
1 5881/2017	31/05/2017	20.951,87	Servital Servicios Sociosanitarios, S.L.	Servizo de axuda no fogar para a dependencia prestado no mes de maio/2017 (horas laborables e festivas)
2017 190	02/06/2017	2.052,97	Electricidad Cruceiro, SL	Servizo de mantemento da iluminación pública prestado no período 01/05/2017-31/05/2017
14	05/06/2017	14.116,66	Roibas Vázquez José M.	Asesoramento xurídico prestado nos meses de outubro de 2016 a maio de 2017
1710	04/06/2017	1.000,00	Club Olímpico de Vedra	Convenio colaboración Club Olímpico de Vedra. Mes de maio



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



434 1/1	06/06/2017	484,00	García Boquete David (Transportes e Mudanzas David)	Traslado e montaxe de andeis, armarios e mesas para o local da Escola de Música de Santa Cruz e Casa das Artes
A/96	31/05/2017	244,55	García Sarandón, S.L.U.	Materiais para arranxos no campo da festa de Trobe, Protección Civil e Servizos Sociais
A/170755	26/05/2017	266,20	Senande, S.L. - Europrint	Camisetas para o día da bicicleta
841454796	05/06/2017	364,46	Ricoh España, SLU	Cota mínima mes xuño/2017 das impresoras-fotocopiadoras de servizos sociais, biblioteca e oficinas xerais
2017 29	07/06/2017	6.241,48	Acofide 2000 Xestión, S.L.	Servizo de xestión de actividades deportivas e mantemento do polideportivo municipal prestado no mes de maio/2017
FE17321232818496	08/05/2017	255,75	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Ponte Ulla no período 01/04/2017 - 30/04/2017
FE17321232818495	08/05/2017	274,59	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico á casa do concello no período 29/03/2017 - 26/04/2017
17010304661	01/06/2017	491,74	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	Aluguer dos locais da estación de Santa Cruz no mes de xuño
FC9889	30/05/2017	406,61	Núñez Rúa Manuel-Claudio O Terrón	Alimentos para necesidades básicas e axudas de emerxencia de Servizos Sociais a familias do concello de Vedra
2512	31/05/2017	157,30	Asvetrans, S.L.	Transporte de masa bituminosa para arranxos de pistas no concello
028/2017	25/02/2017	605,00	Culturactiva Soc. Coop. Galega	Espectáculo "O Home de Ferro" da compañía Cé Orquesta Pantasma dentro da Rede Cultural 2017
031/2017	26/02/2017	1.210,00	Culturactiva Soc. Coop. Galega	Espectáculo "Forzu2" da compañía Circo Chosco dentro da Rede Cultural 2017
H253/17+17009021046	06/06/2017	126,19	Acredores diversos	Traslados do aeroporto e aloxamento do Sr. Alcalde a reunión da Femp en Valencia os días 6 e 7 de





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



				xuño
94318735	11/05/2017	352,69	Repsol Butano, S.A.	Subministro de gas propano para a calefacción do albergue de peregrinos de Vilanova.
94337525	27/05/2017	17,80	Repsol Butano, S.A.	Cota mensual do servizo básico de subministro de gas do mes de maio
GC00047	31/05/2017	1.200,00	Maeve McLoughlin	Impartir clases extraescolares de inglés no CPI de Vedra no mes de maio
2017/1453	31/05/2017	8.394,89	Sogama S. A.	Tratamento dos residuos urbanos de Vedra mes maio/2017
33	08/06/2017	254,10	Silva Fernández Manuel (Carpintería M. Silva)	Arranxos ca casa cultural de Trobe e tableiros para a área recreativa de Cubelas
420200360	31/05/2017	302,50	Radio Popular, SA - Cope	Convenio de publicidade subscrito co Concello para o ano 2017 (mes maio)
2017/290	31/05/2017	10,91	Rodríguez Bugallo María del Pilar (Registro Propiedad nº 1 de Santiago)	Notas simples Z31FM72H telemáticas obtidas polo departamento de urbanismo o 26/05/2017
T01-FAC2017-A2	04/05/2017	252,35	Funxigal, S.L.	Subministro de azulexos cerámicos oficiais para a numeración municipal de vivendas e edificacións
31	31/05/2017	356,95	Camino Bouzón Miguel Angel	Traballos de fontanería realizados no multiusos de Trobe o 13/05/2017 (quentador, fregadeiro, baños e motor pozo)
Liquidación 9900427266852	16/05/2017	100,00	Ministerio Energía, Turismo y Agenda Digital	Taxa por reserva do dominio público radioeléctrico período 01/01/2017-31/12/2017
A00034392	31/05/2017	9,35	Campos y Costas Consulting, S.L. (MRW)	Servizo de transporte de Vedra a Coruña prestado o 31/05/2017 para os Servizos Sociais municipais (expte. SAF)
1PSN170500004530	18/05/2017	267,31	CHC Comercializador de Referencia, S.L.U.	Subministro eléctrico á iluminación pública de Caldelas no período 28/02/2017-01/05/2017
37 3878	06/06/2017	965,25	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado na nave de Trobe o



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



				06/06/2017
31	27/05/2017	53,50	Panadería Raviña-Susana Raviña Carbia	Produtos subministrados para a Romaría da Terceira Idade 2017 (agasallos para os avós máis maiores)
38	09/06/2017	35,00	Panadería Raviña-Susana Raviña Carbia	Produtos subministrados para degustación na caseta de Vedra na exposición da Semana Verde de Silleda
929001686 1	09/06/2017	5.266,14	Fernández Contreras Granitos, S.A.	Baldosa gris parga e lastra silvestre subministrados para as beirarrúas das vías públicas municipais
17/000112	31/05/2017	56,39	M.C. Mapoca, S.L.	Cemento e outros materiais subministrados en abril e maio para mantemento de vías públicas municipais
601-KF17-35685	01/06/2017	137,94	Orange Espagne, S.A.U.	Servizo de internet + sede asimétrica na casa consistorial no período 01/05/2017-31/05/2017
A10009735830-0617	01/06/2017	470,42	Orange Espagne, S.A.U.	Servizos telefónicos prestados no período 01/05/2017-31/05/2017
853	12/06/2017	385,00	Viajes Peillet S.L.	Servizo de autocar prestado o 24/05/2017 para viaxe da Terceira Idade ás termas de Outariz (sufragado coas achegas dos participantes)
854	12/06/2017	770,00	Viajes Peillet S.L.	Servizo de autocar prestado o 30/05/2017 para viaxe dos alumnos do CEIP de Ortigueira-Santa Cruz a Vigo
B 809	07/06/2017	618,14	Rodríguez Bugallo María del Pilar (Registro Propiedad nº 1 de Santiago)	Honorarios correspondentes á inscrición do expediente de segregación da parcela do centro de saúde de Vedra
Liquidación		488,12	Membros da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vedra	Indemnización polas reunións mantidas os días 20/04/2017, 03/05/2017, 18/05/2017 e 12/06/2017 no procedemento de contratación do SAF
Liquidación		481,89	Membros do Comité de Expertos	Indemnización polas reunións mantidas os días 16, 17 e 26/05/2017 no procedemento de contratación do SAF
Liquidación		122,03	Membros da Mesa de	Indemnización pola reunión mantida o día 02/06/2017



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



			<i>Contratación Permanente</i> do Concello de Vedra	no procedemento de contratación da subministración dun furgón para servizos varios e dunha furgoneta para a brigada verde
Liquidación		122,03	Membros da <i>Comisión Técnica Asesora</i>	Indemnización pola reunión mantida o día 05/05/2017 no procedemento de contratación da subministración dun furgón para servizos varios e dunha furgoneta para a brigada verde
Liquidación		244,06	Membros da <i>Mesa de Contratación Permanente</i> do Concello de Vedra	Indemnización polas reunións mantidas os días 18/05/2017 e 02/06/2017 no procedemento de contratación da obra Ampliación da rede de sumidoiros en Laraño e Galegos (do PMA/2016)
Liquidación		441,44	Carlos Martínez Carrillo	Quilometraxe, gastos de peaxe e autoestrada do 25/04 -15/06
Liquidación		152,25	M <sup>a</sup> . Jesús Piñeiro Caldelas	Quilometraxe por xestión varias do 22/03/2017 ao 15/06/2017
Liquidación		45,00	Costa Carneiro Manuel	Quilometraxe por asistencia o día 05/05/2017, en representación do concello de Vedra, ao castelo de Pambre (Palas de Rei-Lugo) á presentación do programa Goza da Ulla
Liquidación		87,80	Pereiras Caldelas Mercedes	Indemnización, quilometraxe, peaxe autoestrada e aparcamento pola asistencia o día 12/05/2017 a xornada sobre <i>notifica.es</i> celebrada na Deputación da Coruña
Liquidación		247,64	Crespo Souto Vanessa	Indemnización, quilometraxe, peaxes autoestrada e aparcamentos pola asistencia os días 28/04/2017, 12/05/2017 e 13/05/2017 e 14/06/2017 a cursos en Coruña e Santiago sobre SIR, <i>notifica.es</i> (Deputación), actualización xurídica para Axentes de Emprego



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



				(EGAP).
Liquidación		68,00	Amenal Junquera M. Teresa	Indemnización, quilometraxe, peaxe autoestrada e aparcamento pola asistencia o día 23/05/2017 a curso de formación de Sigem na Coruña
Liquidación		86,09	M <sup>a</sup> . Cruz Vilas Giadanes	Asistencia a curso en A Coruña o día 14/06/2017 sobre xestión de contratos y contrat@s 2017 da aplicación GINPIX
Liquidación		321,75	Montserrat de la Fuente Fernández	Quilometraxe dos meses de febreiro a xuño por xestións diversas
Liquidación		55,00	Sabio Sanz Carmen Adela	Quilometraxe do mes de maio/2017 polo desenvolvemento do programa de Educación Familiar
Liquidación		151,00	Rendo Rial Pastora	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes maio/2017
Liquidación		230,25	Orosa Canicoba Cristina	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes maio/2017
Liquidación		281,25	Iglesias Parada M <sup>a</sup> Carmen	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes maio/2017
Liquidación		163,50	Vilariño Rodríguez M <sup>a</sup> Cristina	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes maio/2017
Liquidación		237,50	Graña Campelo Pilar	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes maio/2017

A Xunta de Goberno coa abstención da Presidencia nas facturas de Droguería Ferretería El Sol, S.L, acorda aprobar as citadas facturas.

Así mesmo acorda rexeitar a factura núm. CI0887933424 de Vodafone España, S.A.U por importe de 14,40 euros por falta de datos suficientes para identificar os servizos facturados.

**8º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.**



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta das Resolucíons da Alcaldía do mes de maio:

DECRETO	DATA	
144	02/05/2017	Delegando funcións da Alcaldía na 1ª Tenente de Alcalde do 13-17 de maio
145	02/05/2017	Alta padrón municipal de habitantes
146	02/05/2017	Alta padrón municipal de habitantes
147	02/05/2017	Alta no padrón municipal de habitantes
148	03/05/2017	Reiterando limpeza de finca en Caldelas –Ponte Ulla
149	03/05/2017	Ordenando pago 2º prazo débeda con Viaqua Gestión Integral de Augas de Galicia SAU
150	03/05/2017	Autorización corte de tráfico de vías en Trobe
151	03/05/2017	Cambio titularidade recibo taxa de recollida de lixo correspondente á vivenda núm. 48 de Paradela –San Xián de Sales
152	02/05/2017	Requirimento corte de árbores en Vilapedre –San Andrés de Ilobre
153	06/05/2017	Autorización corte de tráfico en San Fins para a Festa da Orella
154	05/05/2017	Licenza posesión de can de compañía
155	05/05/2017	Desestimando alegacións ao recurso de reposición presentadas por don J.R.G contra Resolución Alcaldía de data 09.11.2016
156	05/05/2017	Designando técnico Mesa de Contratación obra de Ampliación da rede de sumidoiros en Laraño e Galegos (PMA 2016)
157	05/05/2017	Aprobación expediente contratación de subministración dun furgón para o persoal de servizos varios municipais e dunha furgoneta para a brigada verde municipal
158	05/05/2017	Alta padrón municipal de habitantes
159	11/05/2017	Cambio titularidade recibo taxa de lixo vivenda núm. 9 de Manteles de Abaixo –Vedra
160	11/05/2017	Cesión temporal de espazo en Santa Cruz á iniciativa local de emprego Galicia Eventos e Ocio, S.L
161	15/05/2017	Alta padrón municipal de habitantes
162	16/05/2017	Alta padrón municipal de habitantes
163	16/05/2017	Modificando horario gardería ao menor E.F.T.
164	16/05/2017	Autorización para fogueira de San Xoán
165	18/05/2017	Alta padrón municipal de habitantes
166	18/05/2017	Autorización para instalación de inchables na Festa do Porco á brasa
167	18/05/2017	Ordenando continuidade de Josefa Carrillo Pulleiro como xardineira-operaria de servizos varios por conta do concello ata a incorporación do persoal do PEL 2017 da Deputación
168	18/05/2017	Orden continuidade de Eva Torres Mariño por conta do concello como técnico de Protección civil –servizos varios, do 21-28/05/2017 por necesidades do servizo
169	18/05/2017	Ampliación intensidade SAF a C.S. L.
170	23/05/2017	Alta padrón municipal de habitantes
171	23/05/2017	Alta SAF modalidade dependencia de J.A. F. A baixa na modalidade de libre concorrencia



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



172	23/05/2017	Modificación contribución custo servizo do SAF de usuarios dependentes
173	26/05/2017	Trienios persoal municipal
174	26/05/2017	Alta padrón municipal de habitantes
175	26/05/2017	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes
176	30/05/2017	Alta padrón municipal de habitantes
177	29/05/2017	Autorización corte tráfico en Ponte Ulla con motivo da procesión de Gundián a Ponte Ulla
178	31/05/2017	Aprobación proxectos e solicitude Programa de cooperación 2017 (Protección Civil e Brigada Verde)
179	31/05/2017	Expediente limpeza de finca en A Torre –San Xián de Sales
180	31/05/2017	Expediente limpeza de finca en Illobre –San Fins de Sales
181	31/05/2017	Designando Técnico Mesa de Contratación subministración dun furgón e unha furgoneta (convenio Deputación 45/2017)
182	31/05/2017	Aprobación convenio coa ANPA Ortigueira para programa AMENCER

A Xunta de Goberno dáse por informada.

### **9º.- Acordo, se procede, sobre solicitudes de subvencións.**

9.1.- Solicitude de subvención para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga).

Dáse conta da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria, do 9 de maio de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a convocatoria para o ano 2017 (DOG núm. 96/17, do 22 de maio).

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto da obra ou servizo denominado:

1.a.- Brigada Verde-servizos varios.

Segundo.- Solicitalle á Consellería de Traballo e Benestar a subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización das mencionadas obras ou servizos.

9.2.- Solicitude de subvención á Consellería de Política Social.

Dáse conta da orde da Consellería de Política Social, do 15 de maio de 2017, pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (DOG núm. 103/17, do 1 de xuño).

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar unha subvención para o Programa de Voluntariado Xuvenil Val do Ulla, conxuntamente co concello de Boqueixón por importe de 12.000 euros.

### **10º.- Outros asuntos.**





10.1.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.

Dáse conta do escrito núm. 772/17 no que dona M<sup>a</sup>. Carmen Gestoso Vázquez, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 59%, segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

10.2.- Subvención á Asociación Cultural Amigos da Camelia do Val do Ulla.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle unha axuda económica á Asociación Cultural Amigos da Camelia do Val do Ulla, como vén sendo habitual, para sufragar os gastos derivados da organización das XXII Xornadas arredor da Camelia, por importe de tres mil (#3.000,00#) euros.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e quince minutos.